


Organización dos períodos de lecer, curso 2020/21.

Establécense varias zonas conforme ao seguinte:

Días soleados	Zona	Niveis
	Pistas exteriores	1º e 3º da ESO.
	Zona axardinada da fachada principal	2º da ESO.
	Claustro interior	4º da ESO.
	Patio interior	1º e 2º de bacharelato.
	Hall principal	Zona de paso para ir aos aseos e á cafetería.


Días con choiva	Zona	Niveis
	Corredor do andar baixo	1º da ESO.
	Corredor do 1º andar	2º da ESO.
	Hall principal	3º da ESO.
	Corredor do 2º andar	4º da ESO.
	Nas súas respectivas aulas	1º e 2º de bacharelato.

avisarase previamente
por megafonía



Lembramos os 3 emes:

- **Sempre o alumnado terá a súa máscara posta** (en caso de non tela, considerarase conduta leve contraria ás normas de convivencia). Non podemos esquecer que estamos nunha situación excepcional, os períodos de lecer son agora entendidos como momentos de descanso para estirar os músculos e desconectar mentalmente das clases.
- **A distancia de seguridade será sempre de 1,5 metros.** Evitar facer corrillos e aglomeracións.



- **Limparemos as mans, cando menos, 5 veces ao día.** Para isto dispoñemos de dispensadores de hidroxel na entrada e mesa de profesorado de cada aula. Tamén nas columnas do hall de taquillas e principal e nos aseos de cada andar, onde tamén dispoñemos de xaboeiras.

Cando rematen os períodos de lecer, o alumnado voltará ás aulas e, cando estean sentados nas súas cadeiras e co profesor dentro da aula, disporán de 5 minutos para quitar a súa máscara e tomar o almorzo coidando de manchar o menos posible. Ao rematar porán de novo a máscara e gardarán as sobras na súa mochila para tirar ao lixo da súa casa.

O alumnado poderá traer o almorzo da casa pero tamén haberá servizo de cafetería. Esta permanecerá aberta para vender ao alumnado de 10:10 a 10:25 e de 12:10 a 12:25, entrarase pola porta principal e sairase pola que queda preto dos aseos e se establecerá unha fila gardando as distancias de seguridade.

Non haberá servizo de mesas durante os períodos de lecer e non se poderá comer fóra das aulas.



Conciliación da ventilación e a calefacción, curso 2020/21.

Consideracións previas:

- Protocolo de adaptación ao contexto da Covid-19 nos centros de ensino non universitario de Galicia para o curso 2020/21, pauta a **obriga de 15 minutos de ventilación ao inicio e ao remate de cada xornada e durante os recreos e ao remate da xornada escolar**. Ademais sempre que for posible, entre clases e tamén, cando as condicións meteorolóxicas o permitan, durante as clases.
- **Non hai obriga de ter as ventás abertas todo o tempo** aínda que sexa unha medida que contribúa á renovación do aire.
- **A ventilación natural é a opción que se debe elixir** e só no caso de que non sexa posible optarase por implementar unha ventilación forzada e/ou a purificación de aire.
- **O sistema de calefacción funciona desde o 15 de outubro até o 15 de maio, das 7:00h até as 14:00h, podendo variar desde 1h até 7h dependendo da sensación térmica exterior**. Tódolos radiadores contan con válvulas termostáticas cunha temperatura obxectivo de 20-22 graos, podendo estar quentes, temperados ou mesmo fríos dependendo da temperatura da aula, corredor ou despacho/departamento.

Indicacións:

- **As ventás e as portas serán manipuladas única e exclusivamente polo profesorado e persoal de administración e servizos.**
- **Ventilar:**
 - Conserxes e limpadoras → **15 minutos** ao inicio e ao remate da xornada.
 - Profesorado → **5 minutos entre clase e clase.**
 - Profesorado → **durante a totalidade dos períodos de lecer.**
- **No caso de temperaturas extremas invernaís é mellor realizar maior numero de ventilacións de menor tempo en lugar de ter as ventás parcialmente abertas. Abrir parcialmente as ventás dificulta a renovación de aire pero baixa a temperatura e diminúe o confort. É máis eficiente abrir todas as ventás durante 2 a 5 minutos cada 15/20 minutos.**

